



## **INFORME ANUAL**

### **(PAESU)**

**(Satisfacción do Alumnado sobre  
a Docencia do Profesorado)**

**MATERIAS IMPARTIDAS NO MESTRADO**

**(Percepción do estudiantado)**

**Mestrado en Intervención Multidisciplinar  
na Diversidade en Contextos Educativos**

**Curso 2018-19**

---

Validado pola Comisión de Garantía Interna de Calidade o día 13 de decembro de 2019

---

## INTRODUCCIÓN

Para o desenvolvemento da avaliación do Mestrado en Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos, de xeito orientativo seguíronse as indicacións ofrecidas no Procedemento de Satisfacción das Usuarías-os (CÓDIGO MC-05 P1, ÍNDICE 04). Unha vez recollida a información das respectivas materias (o cuestionario aplícase a cada unha das materias do título, agás Prácticum e TFM) analizouse para coñecer os resultados. Neste mestrado continuase contando con case 30 estudantes.

A recollida de información sobre o desenvolvemento das materias e a análise cualitativa realizada permite detectar os puntos fortes, débiles e as suxestións do alumnado no curso 2018-19. O volume de alumnado oscila un pouco en función de se se trata de materias obrigatorias ou optativas. Nas de carácter obrigatorio puido contarse con unhas vinte e tres respostas.

De seguido se presentan os resultados obtidos, coa respectiva descrición e análise, unhas conclusións e os anexos pertinentes.

## PRESENTACIÓN DETALLADA DE RESULTADOS

Módulo	Materia	Carácter	n	Categorización		f
DESENVOLVEMENTO COMUNITARIO E COMPENSACIÓN DAS DESIGUALDADES	Desenvolvemento comunitario	OPTATIVA	11	Fortalezas	Ampliación de coñecementos de gran utilidade	5
					Coordinación do profesorado	2
					As saídas realizadas	5
					A parte da materia relacionada co tema do maltrato infantil	2
				Debilidades	Falta de relación entre algunhas partes da materia	5
				Propostas/Mellor	Non cambiaría nada	2
					Poder recuperar o punto de asistencia con algún traballo	1
					Maior coordinación do profesorado	3
	Menos contidos teóricos e máis clases prácticas	3				
	Compensación das desigualdades na educación	OBRIGATORIA	23	Fortalezas	Adquisición de máis información sobre a cultura xitana	16
					Reflexión sobre a educación igualitaria	4
					Transmisión de experiencias reais de gran utilidade	2
					Coñecemento dos métodos de aprendizaxe cooperativa	2
				Debilidades	Pouca coordinación do profesorado na explicación dos traballos	14
					Demasiada teoría, clases pouco dinámicas	6
					Centrado nos centros escolares sen ter en conta outros profesionais (Ed. Soc, Trab. Soc...)	4
				Propostas/Mellor	Ampliar o tempo dedicado á materia para profundizar nos contidos	1
					Máis claridade na explicación do traballo a realizar e da avaliación	14
Máis actividades prácticas durante as sesións					6	
Proporcionar máis estratexias para combater estereotipos/ prexuízos	1					

Módulo	Materia	Carácter	n	Categorización		f
<b>XÉNERO E EDUCACIÓN</b>	<b>Xénero e educación</b>	OBRIGATORIA	18	<b>Fortalezas</b>	Os contidos, xa que trátanse temas da actualidade	10
					A parte da materia referida á actividade física-deportiva	2
					A actividade de módulo	6
					Os exemplos e as actividades prácticas	5
				<b>Debilidades</b>	Baixa calidade dos contidos	2
					A materia está pouco centrada en todas as profesións que se xuntan neste Mestrado.	1
					Pouca explicación sobre a realización do traballo	5
					Repetición de contidos teóricos	1
				<b>Propostas/Mellor</b>	Non cambiaría nada	4
					Maior coordinación do profesorado	5
					Máis dinamismo na parte da práctica física-deportiva (se mostran estudos)	3
					Introducir respostas prácticas de intervención neste tema	2
	Profundizar máis nos paradigmas do feminismo	1				
	<b>Da inxustiza das desigualdades á riqueza das diferenzas</b>	OPTATIVA	15	<b>Fortalezas</b>	As sesións prácticas e os debates	7
					A parte relativa a diferentes culturas	3
					Aprendizaxe de novos conceptos e ideas en cuestións de sexo/xénero	12
				<b>Debilidades</b>	Elevada extensión do traballo a realizar, moita carga horaria	6
Repetición de contidos teóricos nas explicacións das profesoras					6	
Falta de pautas claras para a realización do traballo da materia					5	
<b>Propostas/Mellor</b>				Maior coordinación das profesoras	4	
				Máis parte práctica durante as sesións	1	

Módulo	Materia	Carácter	n	Categorización		f
INTERCULTURALISMO E EDUCACIÓN	Interculturalismo no entorno socioeducativo	OPTATIVA	7	Fortalezas	As charlas de profesionais externos	1
					A parte de materia corresponde a un profesor (coñecemento da web sos racismo)	3
					As clases dunha profesora sobre a formación dos estereotipos e prexuizos	5
				Debilidades	Linguaxe pouco inclusivo por parte do profesorado	1
					Vocabulario pouco adecuado por parte dunha profesora xubilada (pouco relacionado coa diversidade)	3
					Nas clases do profesor xubilado o contido era pouco relacionado coa materia	2
					Non se respecta o horario das clases por parte dunha profesora xubilada.	2
			Clases demasiado teóricas		1	
			Falta de cohesión entre os temas impartidos polo profesorado		2	
			Propostas/Mellor	Quitar da materia a parte relacionada coa xeografía	5	
				Maior formación do profesorado en xénero e política	3	
				Reducir o número de traballos a realizar	1	
				Renovación do profesorado máis maior	1	
				As actividades de aula deben comezarse e rematarse na mesma	2	
	Reducir o número de profesorado	1				
	Ensin e aprendizaxe da/s lingua/s da sociedade de acollida	OPTATIVA	5	Fortalezas	A exemplificación da teoría con material e recursos de apoio	1
					As partes relacionadas coa ensinanza do galego e do castelán (por parte de dúas profesoras: IM e L.)	5
				Debilidades	Debilidades Os contidos dunha profesora xubilada	4
			Propostas/Mellor	Nada	1	
				Renovación e selección de profesorado máis activo/dinámico	1	
Enfocar desde outra perspectiva os contidos relacionados co léxico				3		

	<b>Interculturalismo en contextos escolares</b>	OBRIGATORIA	19	<b>Fortalezas</b>	A primeira parte da materia sobre lexislación e protocolos	7
					A actividade de módulo	4
					Aclaración de conceptos relacionados co interculturalismo	3
					Información sobre a diversidade cultural	2
					A parte de interculturalidade e o plurilingüismo	1
				<b>Debilidades</b>	Moita teoría, clases pouco dinámicas	11
					Falta de claridade na explicación de como realizar o traballo	4
					Contidos moi repetitivos	6
					Pouca coordinación entre o profesorado	7
					Algúns contidos non están á altura dun Mestrado	2
				<b>Propostas/Mellor</b>	Mostrar un maior número de recursos para traballar na realidade social	4
					Cambiar a actividade de módulo por outra proposta máis enriquecedora	2
					O profesorado debe deixar debater ao alumnado sobre os contidos	8
					Reducir o traballo que o alumnado ten que realizar por faltar a unha/dous sesións	3

Módulo	Materia	Carácter	n	Categorización		f
<b>PROCESOS FORMATIVOS EN PERSOAS ADULTAS</b>	<b>Educación de adultos</b>	OBRIGATORIA	19	<b>Fortalezas</b>	As saídas	10
					A actividade de módulo	9
					A exemplificación dos contidos teóricos	3
					A parte relativa á educación regrada	1
					Explicación e desmitificación de estereotipos relacionados coa velez	1
				<b>Debilidades</b>	Desorganización nas saídas (demasiadas nun día, pouca coordinación co persoal, só observamos as instalacións...)	7
					Pouca relación entre as parte do traballo da materia	5
					Parte da materia está orientada a maxisterio	2
					Diferenciar por profesións na realización dun traballo por parte da profesora Emilia	5
					Pouco tempo para realizar os traballos de aula	2
					Falta de coordinación do profesorado	4
					Demasiada extensión do traballo da materia	4
				<b>Propostas/Mellor</b>	Non cambiaría nada	2
					Realizar o traballo da materia de forma grupal	3
	Maior explicación sobre o traballo	1				
	Maior dinamismo nas clases teóricas	1				
	Profundizar en maior medida na lei de persoas adultas	2				
	<b>Calidade de vida para as persoas maiores</b>	OPTATIVA	7	<b>Fortalezas</b>	A metodoloxía e a implicación do profesorado	3
					As saídas realizadas foron moi proveitosas	5
					A boa coordinación do profesorado	6
<b>Debilidades</b>				Escasa explicación sobre a realización do traballo	2	
				Repetición de diversos contidos	1	
<b>Propostas/Mellor</b>				Nada que mellorar	3	
				Integrar máis exemplos prácticos e non tanta teoría	1	

Módulo	Materia	Carácter	n	Categorización		f
NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS	Medidas de atención á diversidade para alumnos/as con necesidades educativas	OBRIGATORIA	13	Fortalezas	Variedade de explicacións do profesorado	6
					Contidos tratados moi interesantes	7
					As posibilidades prácticas do temario traballado	4
				Debilidades	Escasa explicación/organización en relación ao traballo da materia	5
					Propostas/Mellor	Nada que mellorar
	Explicación da execución e da valoración do traballo da materia	5				
	Calidade de vida das persoas con discapacidade	OPTATIVA	5	Fortalezas	A metodoloxía seguida e a implicación do profesorado	3
					O interese dos contidos tratados	3
					A parte práctica	2
				Propostas/Mellor	Nada que mellorar	3
	Medidas de atención á diversidade en persoas con altas capacidades	OPTATIVA	6	Fortalezas	Visita de profesionais	3
					A parte dedicada ao traballo da creatividade e a motivación	6
					Boa capacidade comunicativa do profesorado	2
					A boa coordinación da materia	3
				Debilidades	Materia moi orientada á educación formal	2
Unha parte da materia é moi teórica					3	
Propostas/Mellor				Traballar outros ámbitos do mundo das altas capacidades	3	
				Proporcionar máis prácticas	6	



## PRESENTACIÓN ATOMIZADA DE RESULTADOS

Fortalezas	f	Propostas de mellora	f
Temáticas ou materias interesantes/actuais	89	Máis tempo	2
Charlas/Saídas	47	Reducir teoría	9
Casos prácticos/ prácticas	41	Diminuír traballos/Actividades	7
Recursos	7	Mellorar comunicación/ coordinación profesorado	26
Metodoloxía activa/ innovadora	9	Incrementar prácticas	19
		Renovación profesorado maior, en particular do xubilado.	3

## ANÁLISE DE RESULTADOS

Os resultados obtidos poñen de manifesto que no módulo DESENVOLVEMENTO COMUNITARIO E COMPENSACIÓN DAS DESIGUALDADES, na materia de *Desenvolvemento comunitario* o alumnado destaca como fortalezas: a ampliación de coñecementos de gran utilidade, a saída de módulo, a boa coordinación do profesorado e a parte da materia relacionada co tema do maltrato infantil. Como propostas de mellora suxiren reducir os contidos teóricos e desenvolver máis clases prácticas. Sen embargo, na materia *Compensación das desigualdades na educación* o alumnado afirma que as súas principais fortalezas están na estimulación da capacidade reflexiva sobre unha educación igualitaria e na información minuciosa ao redor da cultura xitana, destacando as experiencias prácticas proporcionadas. De tal modo que como proposta de mellora indícase incrementar o tempo nesta materia, de forma se poida afondar en maior medida nos contidos e traballar máis estratexias prácticas sobre estereotipos e prexuizos. Ademais solicítase máis claridade na explicación do traballo a realizar e da avaliación.

No módulo de XÉNERO E EDUCACIÓN, a materia de *Xénero e educación* produce interese no estudiantado, en concreto a través da actividade de módulo. Tamén se destacan como fortalezas o conxunto dos contidos abarcados na materia, en concreto os exemplos e as actividades prácticas. As valoracións son tan positivas que a moitos alumnos/as afirman que non cambiarían nada en relación ás propostas de mellora. Con todo, se teñen que facer algunha proposta de mellora inclínanse pola mellora da coordinación do profesorado. Respecto a *materia Da inxustiza das desigualdades á riqueza das diferenzas*, entre outras cuestións, o estudiantado considera que conta cunha temática novidosa, que posibilita a aprendizaxe de novos conceptos en relación ás temáticas de xénero. Ademais tamén se destaca as sesións prácticas e os debates. Excepcionalmente, algún/algunha estudante demanda máis actividades prácticas durante o desenvolvemento das sesións.

No relativo ao módulo de INTERCULTURALISMO E EDUCACIÓN, na materia *Interculturalismo no entorno socioeducativo* hai que resaltar que o alumnado valora positivamente ás charlas recibidas durante algunhas sesións, así como o visionado dun documental, entendendo que este tipo de actividades lle permite o debate e a reflexión sobre contidos emerxentes. Como propostas de mellora apúntase a conveniencia de quitar unha parte da materia relacionada coa xeografía así como unha maior formación do profesorado en xénero e política. Pola súa banda, a materia *Ensino e aprendizaxe da/s lingua/s da sociedade de acollida* é valorada, sobre todo, polo uso de material e de recursos de apoio para a exemplificación da teoría. Tamén se destacan as partes relacionadas coa ensinanza do galego e do castelán. Apenas se propoñen melloras para esta materia, a non ser a posible renovación e selección de profesorado que fose máis activo e dinámico nalgunhas das sesións. No tocante á materia *Interculturalismo en contextos educativos*, as fortalezas destacadas son o

interese dos contidos e o dinamismo das sesións, así como a información sobre a escolarización doutras culturas, e sobre lexislación e protocolos. Con todo, propónse o cambio da actividade de módulo por outra máis enriquecedora na que se mostren actitudes máis empáticas a favor do interculturalismo.

No caso do módulo PROCESOS FORMATIVOS EN PERSOAS ADULTAS, o alumnado destaca como fortalezas da materia *Educación de adultos* a actividade de módulo así como a saída que tivo moi boa acollida. En xeral, non cambiarían nada salvo quitar algunha das visitas das saídas realizadas ou engadir un pouco de información teórica previa ás experiencias prácticas. Na materia *Calidade de vida para as persoas maiores* destacan como aspectos positivos o desenvolvemento práctico dos contidos e a metodoloxía empregada polo profesorado así como a boa coordinación do mesmo. Aínda que en xeral o nivel de satisfacción é alto, propóñense integrar máis exemplos prácticos e non tanta teoría.

No módulo *NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS* con relación a materia *Medidas de atención á diversidade para alumnos/as con necesidades educativas* cabe sinalar como fortaleza a temática abordada, a actividade de módulo e as diferentes explicacións do profesorado. Con todo, apúntase como proposta de mellora unha explicación máis clara da execución e da valoración dalgúns traballos da materia. Mentres que na materia de *Calidade de vida das persoas con discapacidade* se destaca, de forma especial, a metodoloxía empregada e a implicación do profesorado, o conxunto da temática abordada e a práctica desenvolta. Non se engade ningunha proposta de mellora. Por outra parte, na materia *Medidas de atención á diversidade en persoas con altas capacidades* destaca como fortaleza o interese da temática traballada, a visita dun orientador escolar e as sesións dedicadas á creatividade e á motivación. Como melloras propónse reducir a carga teórica a favor de máis sesións prácticas, e tamén traballar outros contextos do mundo das altas capacidades máis aló da educación formal.

## CONCLUSIÓN

Globalmente a satisfacción manifestada polo alumnado do Mestrado é moi elevada. Destacan o interese e actualidade das temáticas traballadas nas distintas materias, especialmente os casos prácticos así como as saídas levadas a cabo e as charlas recibidas.

Cabe destacar que o alumnado considera interesante a formación recibida no Mestrado e, incluso, demanda ampliación das sesións das respectivas materias. Asimesmo considera necesario seguir mellorando a coordinación do profesorado, así como unha renovación do profesorado máis maior.

# **ANEXOS**

Ficha técnica da actividade

Guión cuestionario aberto

**FICHA TÉCNICA DO DESEÑO DA ACTIVIDADE DE AVALIACIÓN ( R3 - MC05 P1)**  
Mestrado en Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos

Previsións temporais		Metodoloxía de medición	
Período(s) de recollida de datos	Prazo de presentación dos resultados	Método de medición	Técnica de recollida de datos
Unha vez finalizada cada materia)	Resultados por materia: unha vez semana despois da aplicación do cuestionario. Resumo de todas as materia: final de curso académico. Análise e valoración dos resultados: no momento da elaboración do Seguimento do Título	Metodoloxía cualitativa. Tipo de análise: Análise de contido. Instrumento: cuestionario preguntas abertas. Recollida directa dos datos.	Cuestionario aberto.

**Obxectivos da avaliación**

Obter información relativa á satisfacción do estudiantado respecto ás fortalezas e debilidades do funcionamento do título (aspectos cos que están mais satisfeitos-as e aspectos que mellorarían), que resulta útil para a mellora da calidade do Mestrado.

Complementar a información obtida en outras enquisas que tratan aspectos ligados ao funcionamento das titulacións noutros eidos (avaliación da actividade docente, mobilidade, prácticas externas ...).

**Recursos necesarios que se empregan**

Persoal para aplicar, recoller os datos, sintetizar e analizar as narrativas do cuestionario aberto, materia a materia e valoración de conxunto.

**Datos técnicos**

- **Poboación**  
Todo o estudiantado do Mestrado do respectivo curso académico en formación.
  - **Criterios de selección (da mostra, das persoas entrevistadas ou das persoas participantes)**  
Non aplicable (participa a totalidade do alumnado do Mestrado).
  - **Tamaño da mostra (no seu caso, número de persoas entrevistadas ou número de participantes e reunións)**  
Todo o alumnado matriculado en cada materia.
  - **Técnica de grupo**  
Non se emprega esta técnica.
  - **Modelo de medición**  
Non se emprega un modelo estadístico, xa que se realiza unha análise de contido.
  - **Metodoloxía para a recollida de datos**  
Metodoloxía cualitativa. Instrumento: cuestionario de preguntas abertas. Recollida directa dos datos, anonimamente.
- Escala de valoración:**  
Non existe unha escala de valoración, xa que se emprega unha metodoloxía cualitativa. A preguntas planteadas son abertas, por elo empréganse técnicas cualitativas de análise de datos, recolléndose todas as aportacións. A análise final ten en conta o reconto de frecuencia das categorías obtidas.
- **Referencias comparativas**  
Non existen nin se consideran referencias comparativas estandarizadas. A valoración realízase tendo en conta dous criterios básicos: (1) os criterios de calidade que se agardan no funcionamento do título, que se empregan posteriormente na mellora das materias; (2) os resultados obtidos en cursos anteriores.
  - **Modo de presentación dos resultados**  
Os resultados son presentados fundamentalmente en formato de texto, incluíndo: (1) o reconto das categorías en cada materia; (2) un resumo das principais fortalezas e debilidades do conxunto do título.
- Modo de difusión:**  
Os resultados son enviados directamente ao profesorado de cada materia, coa finalidade de que os teñan en conta na revisión das Guías Docentes e na súa actuación para o próximo curso. Tamén son analizados pola coordinación do título, para tomar as decisións que se consideren pertinentes, tanto para algunhas materias concretas, como para o conxunto da plantilla docente.

## **GUIÓN DO CUESTIONARIO ABERTO**

(1) Que é o que mais che gustou da materia? Por que?

(2) Que aspectos ou cuestións cambiarías? Por que?